



**PLAN ANUAL
DO
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.
CURSO 2022-2023**

ÍNDICE.

- 1. Introducción.**
- 2. Contextualización.**
- 3. Marco legal.**
- 4. O departamento de orientación.**
 - 4.1 Composición.**
 - 4.2 Funcións.**
 - 4.3 Coordinación.**
 - 4.4 Actuacións e coordinación con centros adscritos.**
- 5. Obxectivos.**
 - 5.1 Obxectivos específicos por ámbitos de actuación: acción tutorial, atención á diversidade e orientación vocacional**
 - 5.2 Obxectivos específicos por axentes educativos.**
- 6. Planificación xeral e actuacións prioritarias.**
 - 6.1 Accións prioritarias do D.O.**
 - 6.2 Temporalización.**
- 7. Estratexias de intervención.**
- 8. Recursos.**
- 9. Actividades complementarias.**
- 10. Avaliación.**

1. INTRODUCCIÓN

Antes de introducirmos no plan de orientación propiamente dito, é importante aclarar algunhas cuestións de suma relevancia que guían a labor orientadora.

Ao falar de orientación educativa, facemos referencia a un proceso de axuda contínua a todas as persoas, en todos os aspectos, co obxectivo principal de potenciar o desenvolvemento humano ao longo de toda a vida.

A Lei Orgánica de Educación 2/2006, do 3 de maio, establece que a labor orientadora se rexe polos tres principios básicos que se recollen no seu Preámbulo:

- Educación de calidade para todo o alumnado.
- Equidade na educación pola cal se garante a igualdade de oportunidades.
- Esfuerzo compartido por todas as persoas que forman parte da comunidade educativa.

No seu título preliminar, concretamente no capítulo I, establece a orientación educativa e profesional do alumnado como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación intergral en coñecementos, destrezas e valores. Neste mesmo apartado tamén recoñece a actividade orientadora como un dos factores que favorecen a calidade da ensinanza.

Asimesmo, no Título II, de Equidade da Educación, fai fincapé da especial atención da que teñen as medidas de atención á diversidade para a consecución dos principios mencionados en liñas anteriores.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio foi recentemente modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE). Modificou as competencias clave, que supoñen unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros componentes, sociais e de comportamento que se movilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Son competencias clave LOMLOE:

- Comunicación lingüística.
- Plurilingüe.
- Matemática e en ciencia e tecnoloxía (STEM).
- Dixital.
- Persoal, social e aprender a aprender.
- Cidadá.

- Emprenderora.
- Conciencia e expresións culturais.

Dende o departamento de orientación debemos tamén contribuir a ditas competencias clave a través da nosa planificación anual.

Tendo en conta todo o ata agora recollido, para levar a a cabo os obxectivos que se propoñen no presente documento, e tal e como recollen, a nivel autonómico o Decreto 120/98, do 23 de abril que regula a orientación educativa e profesional en Galicia, e a orde do 24 de xullo que a desenvolve establécense os tres niveis da labor orientadora:

- A acción tutorial a nivel de aula.
- O departamento de orientación a nivel de centro.
- E os equipos de sector, na nosa comunidade como Equipos de Orientación Específicos que actúan a nivel externo como apoio á actividade orientadora no centro.

Destes tres piares que rexen os campos de traballo da orientación educativa e profesional, emanan as **funcións dos departamentos de orientación** dos centros educativos, recollidos no decreto 120/98 anteriormente mencionado. Resúmense en:

- a) Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- b) Elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial dos centros, así como coordina-lo profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- c) Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- d) Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e as alumnas.
- e) Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- f) Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para enfronta-los momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersoal ou a transición á vida profesional.

g) Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e en calquera outros relacionados co seu ámbito de actuación.

h) Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

i) Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais, así como as ofertas do seu contorno que lle faciliten elixir responsablemente.

l) Nos institutos onde se imparta formación profesional, coordinar a orientación laboral e profesional con outras administracións ou institucións.

m) Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

Unha vez vistas as principais funcións do departamento de orientación, enténdese que a labor educativa que se leva a cabo dende o mesmo está englobado **en tres ámbitos de orientación**.

Falamos de:

- **Apoio ó proceso de ensinanza-aprendizaxe.**
- **A función titorial.**
- **A orientación vocacional.**

As intervencións que se deseñan dende o departamento de orientación seguen tres modelos de intervención: o modelo de programas, a consulta colaborativa e o asesoramento individualizado.

O modelo de programas ten como principais características, entre outras, que se desenvolve en función das necesidades educativas existentes no centro educativo e, a nivel aula, do grupo-clase, dirixíndose deste xeito, á totalidade de alumnado. Actúa con carácter preventivo e considera ao alumno/a un axente activo do seu proceso de orientación.

Os principios do modelo a través do cal se plantexa a actividade orientadora hoxe en día, establécense en torno a: prevención, planificación, sistematicidade, curriculariade, cooperación, desenvolvemento persoal e intervención social.

Dentro dos tres niveis da función orientadora, as medidas de atención á diversidade conforman tamén grande parte dentro do noso quefacer profesional.

Antes de adentrarnos nas mesmas, é preciso sinalar que se entende por necesidade específica de apoio educativo segundo establece a Lei 2/2020, LOMLOE:

- Necesidades Educativas Especiais: discapacidades, trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe.
- Retraso madurativo.
- Trastornos da linguaxe e da comunicación.
- Trastornos de atención ou aprendizaxe: Trastornos por Déficit de Atención e Hiperactividade, DEA (dificultades específicas de aprendizaxe).
- Altas capacidades.
- Incorporación tardía ao sistema educativo.
- Descoñecemento grave da lingua oficial e cooficial.
- Situación de vulnerabilidade socio educativa.
- Condicións persoais especiais ou de historia escolar.

Este concepto deriva de que, actualmente vivimos nunha sociedade diversa, con diferentes características e necesidades. De ditas realidades, nace a necesidade da creación das medidas de atención á diversidade mencionadas anteriormente e reguladas en Galicia no Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade dos centros docentes en Galicia, desenvolvido pola orde do 8 de setembro de 2021.

- Medidas ordinarias: son as que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- Medidas extraordinarias: son todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou que requiriran a modificación no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización.

Estas medidas estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

2- CONTEXTUALIZACIÓN.

O noso centro atópase no interior de Galicia, na vila de Silleda, que dá nome ao concello e na que viven arredor de 9000 habitantes. Pertence á provincia de Pontevedra. O alumnado procede fundamentalmente das aldeas e o sectores produtivos con mais presenza no concello son a agricultura e a gandeiría.

No IES impártense, durante este presente curso académico, as seguintes ensinanzas:

- Educación Secundaria Obrigatoria.
- Bacharelato (modalidades de Humanidades e Ciencias Sociais e Ciencias e Tecnoloxía).
- Ciclo Formativo Básico de Servizos Comerciais.
- Ciclo Fomativo de Grao Medio de Guía no Medio Natural e do Tempo Libre.
- Educación Secundaria de Adultos.

O compromiso do sistema educativo pensamos que debe ser sempre o de loitar por unha educación de calidade para todo o alumnado, equidade na educación que garanta a igualdade de oportunidades co esforzo compartido por todas as persoas que compoñen a comunidade educativa e, por suposto, a inclusión máxima de todo o alumnado. O departamento de orientación fará especial atención as medidas de atención á diversidade por ser unha necesidade de todo o alumnado e de todas as etapas educativas, converténdose, polo tanto, no principio reitor da súa actividade.

Tendo en conta todo o anterior, a programación das actividades de orientación para este curso deberá insistir de xeito diferenciado en aspectos puntuais, como por exemplo:

- A formación en Técnicas de Traballo Intelectual.
- A orientación académica e profesional.
- A orientación vocacional e o proceso de toma de decisións.
- A relación co mundo laboral.

Tendo en conta tamén os seguintes aspectos.

- A educación emocional e a saúde mental.
- A prevención de drogo-dependencias.
- Educación afectivo-sexual.
- Educación para a saúde.
- Acoso e ciberacoso.
- A educación en valores, as habilidades sociais, o respecto hacia os demais, a empatía e asertividade.

3- MARCO LEGAL.

- *Lei Orgánica 2/2006*, de 3 de maio, de Educación.
- *Lei Orgánica 3/2020*, de 29 de decembro que modifica a anterior. LOMLOE.
- *Decreto 86/2015*, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (aplicado nos cursos pares, aplicando o calendario de implantación LOMLOE).
- *Decreto 156/2022*, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- *Decreto 157/2022*, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- *Orde do 20/03/18* pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo (DOG: 12/04/18).
- *Resolución do 18 de xullo de 2022*, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso académico 2022/23.
- *Decreto 229/2011*, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- *Orde do 8 de setembro de 2021* pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- *Decreto 120/1998*, de 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e *Orde do 24 de xullo de 1998* que o desenvolve.
- *Orde do 24/7/98*, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/98. diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- *Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, F.P. e Innovación Educativa* pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- *Lei Orgánica 3/2022*, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.
- *Decreto 114/2010*, de 1 de xullo que regula a ordenación xeral da Formación Profesional.
- *Decreto 107/2014*, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

- *Orde do 13 de xullo de 2015* pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- *Orde do 12 de xullo de 2011* pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.
- *Resolución do 26 de maio de 2022*, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.
- *Resolución do 26 de maio de 2022*, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do proceso de admisión das ensinanzas de formación profesional de grao básico para o curso 2022/23.
- *Resolución ddo 22 de xuño de 2022*, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022/23

4- O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

- É un órgano de coordinación docente, xunto ós departamentos Didácticos, a Comisión de Coordinación Pedagóxica e os Titores/as.
- É un elemento aberto dentro do sistema educativo do centro e do “subsistema da orientación” do mesmo.
- As súas accións estarán plenamente integradas no proceso educativo xeral e no marco curricular, o seu labor non será illado nin paralelo.
- Será o espazo dende onde se coordine, colabore e participe activamente na planificación e desenvolvemento da acción titorial e orientadora.
- É un marco colaborativo. Buscará ofrecer respostas educativas a titores/as, equipos docentes, departamentos, equipo directivo e alumnos e alumnas.

4.1 COMPOSIÓN DO DEPARTAMENTO.

Forman parte do mesmo:

M ^a Luz García Conde* <i>Substituída temporalmente por M^a Inmaculada Cao Gulías.</i> Orientadora e Xefa de Departamento.	M ^a Cruz Viéitez Mato.* <i>Substituída temporalmente por Ana María Carro Méndez.</i> Mestra especialista Pedagogía Terapéutica.
Nadiuska Alemparte Vidal Profesor-titor ámbito científico-tecnolóxico.	M ^a Xosé Ledo López. Profesor-titor ámbito lingüístico-social
Tamara Camino Recuso ProfesoFormación e Orientación Laboral.	Cristina Chousa Cortés. CEIP Ramón de Valenzuela.
Sonia Pazos Penela. CEIP Plurilingüe de Silleda.	

4.2 FUNCIONES.

Funcións da xefa do departamento de orientación:

- Dirixir e coordinar as actuacións propias do departamento.
- Responsabilizarse da redacción do Plan de actividades do departamento,
- Velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso.
- Participar na elaboración do Proxecto Educativo e das Concreccións Curriculares de Etapa, representando ó departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- Convocar e presidir as reunións do departamento.
- Velar pola confidencialidade dos documentos.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
- Facilitar a colaboración entre os membros do departamento de orientación.
- Coordinar, en colaboración cos profesores de apoio, a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Participar nas sesións de avaliación.

Funcións da mestra especialista en pedagogía terapéutica:

- Asistir ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica.
- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á Educación Secundaria Obrigatoria

e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades educativas especiais.

- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas dirixidas á atención á diversidade.
- Prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.
- Aquelas que a Administración lle asigne.

Funcións da profesora de formación e orientación laboral:

- Informar ao alumnado sobre o marco legal de traballo e das relacións laborais.
- Orientar sobre formas e procedementos de inserción profesional.
- Dar a coñecer os recursos profesionais e laborais existentes.
- Diseñar actividades ou programas para que o alumnado poida elaboralo seu propio itinerario profesional de busca de emprego, facendoo consciente da necesidade de formación permanente.
- Potenciar estratexias encamiñadas a consecución, se é o caso, dunha reorientación profesional axustada ás demandas do mundo laboral.
- Colaborar cos titores responsables da formación en centros de traballo na elaboración de programas para a realización de actividades formativo-productivas en centros de traballo.
- Promover que o alumnado que accede a un programa de iniciación profesional interveña activamente no seu proceso de aprendizaxe e no deseño da súa traxectoria persoal e laboral.

4.3 COORDINACIÓN.

Farase efectiva a través de:

- Reunión dos membros do departamento.
- Reunión de coordinación coa mestra especialista en PT marcada no horario semanal.
- Reunión co titores e titoras de grupo nas correspondentes horas de xestión de titoría.

4.4 ACTUACIÓNS E COORDINACIÓN COS D.O. DE CENTROS ADSCRITOS.

Este departamento ten adscritos dous centros:

- CEIP Plurilingüe de Silleda.
- CEIP Ramón de Valenzuela en Bandeira.

A actuación coordinada entre os departamentos de orientación, elaboráronse conxuntamente as liñas xerais do plan de orientación académica e profesional e do plano de acción tutorial, que deberán adaptarse aos diferentes contextos educativos de cada centro.

Actuacións conxuntas:

- Coordinación e seguimento do plan de orientación establecido, todos os membros do departamento reunirémonos polo menos, unha vez ao trimestre.
- Para facilitar a transición ao IES, no terceiro trimestre, farase unha Xornada de Acolida á que asistirán o alumnado de 6º de primaria cos seus titores e as orientadoras.
- Elaboración dun folleto informativo para as familias e os alumnos cos aspectos máis relevantes do funcionamento do IES e da nova etapa que van iniciar (ESO).

5- OBXECTIVOS.

- Diseñar, desenvolver e avaliar programas de intervención tras valorar as necesidades educativas no ámbito da orientación.
- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Colaborar no seguimento e avaliación dos Proxectos de Centro e asesorar ao profesorado na elaboración das respectivas programacións, fundamentalmente na incorporación nas mesmas de obxectivos.
- Coordinar o traballo de titorías e asesorarles no desempeño da función tutorial e en particular en Secundaria no desenvolvemento de contidos e xeitos de traballo para as horas formalmente consagradas a titoría, sobre todo polo que respecta aos alumnos que presenten algún xénero de problema, tanto estritamente académico como de comportamento e con repercusión na vida e na convivencia escolar, contribuíndo deste xeito ao fomento das competencias clave de:
 - Facilitar ao profesorado a utilización na aula de técnicas específicas e instrucións relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudo, programas de ensinar a pensar, etc.,
 - Colaborar na pronta detección de problemas ou dificultades educativas, de desenvolvemento e/ou aprendizaxe que presenten os alumnos e a pronta intervención para tratar de remedialos.
 - Proporcionar ao alumnado unha orientación académica e profesional diversificada e individualizada co fin de capacitalos para a propia orientación no momento actual e futuro.
 - Facilitar información sobre o mundo laboral e saídas académicas e profesionais_ás que

poidan optar tralos estudos que están a cursar, empregando para este fin as novas tecnoloxías como recurso habitual

- Potenciar a Acción Titorial por medio da colaboración activa cos titores/as.
- Cooperar na relación centro-familias na solución de problemas que afecten ós seus fillos/as, favorecendo unha comunicación axeitada entre o centro e as familias do noso alumnado, e ofrecer aos alumnos/as e as súas familias información e asesoramento académico e profesional o máis axeitados posible.
- Facilitar que as sesións de avaliación se axusten aos principios de avaliación continua, formativa e orientativa, asistindo ás mesmas co fin de proporcionar e recibir información dos alumnos e apoiar ao profesorado nestas tarefas.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións relacionadas coa orientación educativa.

5.1 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS ATENDENDO AOS TRES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN.

5.1.2 Acción Titorial:

- Optimizar os procesos de ensino e aprendizaxe:
 - ✓ Detectar dificultades de aprendizaxe.
 - ✓ Coordinar as respostas educativas ás dificultades de aprendizaxe.
 - ✓ Coordinar os procesos de avaliación do alumnado.
 - ✓ Facilitar a reflexión do alumnado sobre o propio proceso de aprendizaxe.
- Participar a acción educativa do equipo docente:
 - ✓ Participar no proceso de avaliación do grupo.
 - ✓ Participar no axuste das distintas programacións.
 - ✓ Participar nas actuacións do equipo docente.
- Impulsar o desenvolvemento psicosocial das alumnas e dos alumnos:
 - ✓ Impulsar a integración do alumnado na aula e a súa participación nas actividades do Centro.
 - ✓ Facilitarlles algúns métodos e **técnicas de estudo e traballo intelectual**.
 - ✓ Impulsar o coñecemento de sí mesmo e mesma dos alumnos e das alumnas (*autoconcepto, autoestima, habilidades sociais, educación emocional*).
 - ✓ Facilitar a madurez vocacional, asesorando na toma de decisións (opcionalidade, itinerarios formativos, vida activa...).

- ✓ Mellorar a convivencia.
- Orientar e informar ás familias do alumnado.
 - ✓ Fomentar a súa participación no centro.
 - ✓ Informarlles sobre a marcha académica do seu fillo ou filla.
 - ✓ Asesorarlles en conflitos e problemas académicos e persoais.
 - ✓ Realizar o seguemento do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Dinamizar a función titorial, facilitando os recursos e materiais necesarios. Entregaránselle aos titores actividades variadas e específicas de titoría coa finalidade de que traballen moitas habilidades básicas no alumnado.
- Facilitar asesoramento sobre as medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento do PAT, asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro...
- Propiciar accións de traballo, coñecemento e colaboración cos pais e nais do alumnado.
-

5.1.2 Atención á Diversidade do alumnado:

Pretendemos dende o departamento dar resposta ás necesidades reais que presente o alumnado:

- Especial seguemento a toda a diversidade.
- Identificación temperá de necesidades específicas do alumnado. En especial alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe e alumnado novo no centro que se incorporan a 1º de ESO, procedentes, na súa maioría, dos dous centros adscritos, cos que nos coordinamos durante o curso.
- Revisión e modificación de ser o caso das medidas de apoio do alumnado con dificultades de aprendizaxe ou inclusión no sistema educativo (necesidades educativas especiais, altas capacidades intelectuais ou incorporación tardía ao sistema educativo español).
- Ofrecer asesoramento individualizado, o cal se levará a cabo durante os tempos de lecer ao alumnado que se atope en situación de incerteza e para os cales non chega o asesoramento levado a cabo na titoría.
- Realización das avaliacións picopedagóxicas necesarias, sempre co acordo das familias para dar unha resposta axeitada e coherente ás dificultades e necesidades de aprendizaxe presentadas polo alumno/a.
- Medidas encamiñadas a diminuír o absentismo escolar, o fracaso escolar e o abandono

temperará dos estudos.

- Actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do centro e na educación das súas fillas e fillos.
- Informar e asesorar, no ámbito da orientación educativa e psicopedagóxica, as familias que o soliciten.
- Coordinación co Equipo de Orientación Específico, co fin de establecer o marco de colaboración necesario para o desenvolvemento das nosas funcións.
- Coordinación con institucións do entorno, co obxectivo de garantir a conexión e continuidade das colaboracións que se viñan dando en anos anteriores (Concello, Centro de Saúde, Servizos Sociais, Asociacións diversas, etc..).
- Colaborar cos profesores de ámbito no desenvolvemento das actividades do grupo do *Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento (PMAR)*, impartido este curso académico 22-23 no 2º curso de ESO.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica así como o posterior informe dos alumnos/as con necesidades educativas especiais, e participar no desenvolvemento das posibles medidas que requiran.
- Intervir na detección precoz de necesidades educativas.

5.1.3 Orientación académica e profesional:

- Propiciar un desenvolvemento vocacional óptimo dos nosos alumnos/as.
- Ofrecerlle ao alumnado unha orientación académica e profesional individualizada e diversificada favorecendo, na medida do posible, a súa madurez vocacional e os seus procesos de toma de decisións.
- Proporcionarlle ao alumnado e familias información, axuda e consello á hora de tomar calquera das difíciles decisións académicas e profesionais, especialmente nos momentos de máis risco ou dificultade, como son os cambios de ciclo ou de etapa, a elección das optativas e dos diferentes itinerarios ou alternativas académicas e profesionais.
- Presentarlle ao alumnado situacións que lle leven a coñecerse e valorarse dun xeito acorde ás súas capacidades, motivacións e intereses.
- Facilitar ao noso alumnado información actualizada sobre as distintas opcións educativas dispoñibles na nosa contorna.
- Favorecer un axeitado autocoñecemento, base para poder tomar decisións vocacionais

axustadas.

- Fomentar a **igualdade no acceso á formación profesional**, mediante: accións específicas encamiñadas a reducir calquera tipo de desigualdade (de xénero, residencia, orixe..) e accións de colaboración co ámbito laboral.
- Orientar para estudos universitarios.
- Organizar actividades complementarias e extraescolares en colaboración coa vicedirección.

5.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS EN RELACIÓN AOS AXENTES EDUCATIVOS.

5.2.1 EN RELACIÓN CO PROFESORADO.

-Elaborar, dacordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, as propostas para a revisión do Plan de Orientación Académico Profesional e do Plan de acción Titorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

Para cumprir estes obxectivos os membros do Departamento de Orientación teñen fixada no seu horario de traballo unha reunión semanal.

-Participar na elaboración, seguimento e avaliación do proxecto curricular do Centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con NEAE e nos principios de avaliación formativa, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.

- Naqueles casos nos que se precise unha atención individualizada, previa petición dalgún membro da comunidade escolar, serán tratados de forma individual dende o Departamento de Orientación.

- Asesorar e ofrecer recursos á Comunidade Educativa que favorezan a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares de Atención á Diversidade e tamén recursos que fomenten a tolerancia e convivencia nos centros escolares.

-Asesorar aos titores e ao profesorado en xeral na cumprimentación da documentación académica do alumnado, en especial do que recibe medidas de atención a diversidade, propoñendo modificacións se fose necesario.

5.2.2 EN RELACIÓN CO ALUMNADO

- Diseñar accións encaminadas á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e alumnas.

Cada titor/a, reunirse a principios de curso coa orientadora para dar a coñecer os resultados das valoracións iniciais das competencias curriculares. Unha vez que se teñan recollidos tódolos datos priorizaranse e organizaranse os casos, para así poder prestarlles axuda desde o Departamento de Orientación e tamén desde cada unha das materias.

O Departamento de Orientación revisará os informes existentes para a detección de problemas ou previsión dos mesmos.

A recepción de pais e nais, con frecuencia é unha fonte de información para detectar situacións de risco. As titoras e titores, a especialista de P.T. e a xefa do Departamento de Orientación teñen no seu horario tempo de recepción para aos pais e nais.

- Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersonal.

- Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais ao seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro. O departamento ten determinadas horas coincidentes coas titorías presenciais para facilitarlle ao alumnado de forma individual ou grupal, dependendo dos casos, a maior información sobre estes recursos, empregando tódolos medios técnicos materiais e informáticos dos que dispoñemos.

- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de Atención á Diversidade.

Cada profesor ou profesora, titor ou titora, cubrirá unha solicitude de valoración para así poder priorizar os casos. Despois de realizar o informe reuniranse tódolos implicados xunto coa orientadora e a mestra de pedagogía terapéutica para por en marcha as medidas de atención á diversidade que sexan precisas.

5.2.3 EN RELACIÓN COAS FAMILIAS.

- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fill@s, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconcepto e da autoestima e no proceso de toma de decisións.

É moi importante o diálogo e o intercambio de información entre os dous grupos máis importantes que inciden na educación: profesorado e nais e pais, este diálogo vense facendo de xeito tradicional nas horas de titoría.

É fundamental a tarefa de mentalización de cara a suliñar a importancia do seu papel dentro do proceso de ensino-aprendizaxe para traballar coa colaboración familiar, dunha mesma liña de actuación.

5.2.4 OUTROS.

- Asesorar a toda a Comunidade Educativa sobre as posibilidades que ofrece o sistema educativo facilitando a madurez vocacional e a toma de decisións do alumnado.

- Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.

- Coordinación cos Servizos Sociais, que teñen como obxectivo facer unha intervención global, de xeito que nos coordinemos familias, Centros Educativos e Servizos Sociais Sanitarios para darlle resposta do mellor xeito posible ás necesidades sociais da zona.

Este é un obxectivo interesante sobre todo no que se refire a unha mutua colaboración, xa que dende os centros necesitaremos toda a axuda que se nos poida proporcionar para que o noso traballo sexa efectivo.

- Participar no desenvolvemento das accións de orientación profesional.

6- PLANIFICACIÓN XERAL. ACTUACIÓNS PRIORITARIAS.

O modelo teórico que asumimos é a “intervención por programas”.

Do mesmo xeito, entendemos que debe superarse a actuación predominantemente terapéutica e pasiva (no sentido de que a demanda do servizo xenere a acción) e actuar non só sobre o

problema, senón tamén sobre o contexto que o xenera, actuando de xeito preventivo.

O anterior conleva dar prioridade aos principios de prevención e desenvolvemento dirixidos á totalidade do alumnado (non só aos alumn@s con necesidades educativas especiais), poñendo o énfasis na actuación como anticipación da demanda.

Debemos ter en conta tres momentos clave na escolarización do noso alumnado:

- **O cambio de etapa educativa.** No noso caso especialmente na transición de Educación Primaria á Educación Secundaria Obrigatoria. Non esquecéndonos de orientar en canto a cambios que se producirán na súa escolaridade se se incorporan a un Bacharelato, Formación Profesional ou Educación Secundaria de Adultos.

- **A superación do período de escolaridade obrigatoria.**

- **A incorporación ó mundo laboral.**

Finalmente, tamén temos que sinalar que asumir o modelo de intervención por programas significa entender o funcionamento destes integrados no currículo polo que é preciso contar coa plena implicación do profesorado.

Programas de actuación

-Programa de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe

-Plan de Acción Titorial

-Plan de Orientación Académica e Profesional

Niveis de actuación

-En relación ao Centro.

-En relación ao alumnado.

-En relación aos titores.

-En relación ás familias.

-En relación a outras institucións.

6.1 ACCIÓNS PRIORITARIAS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

Tendo en conta o establecido na lexislación citada no punto 3 deste plan e especialmente na circular 10/2010 para a coordinación de actuacións e establecemento de accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional.

- **Asesoramento ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente nas medidas de Atención á Diversidade e a Acción Titorial.**

Hai que salientar que, respecto deste punto, temos establecida dende hai tempo a nosa intervención directa nas actuacións que se sinalan.

- **Elaboración e posta en práctica de programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.**

Neste aspecto, a colaboración entre as dúas Etapas é fundamental, e xa temos establecidas varias actuacións, como proporcionar ao profesorado titor cuestionarios de recollida de información sobre o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, unha ficha-resumo ou unha reunión entre os titores do alumnado que o ano pasado cursaron 6º de Educación Primaria cos titores e profesorado de 1ºda ESO para aportar información relevante sobre cada un dos alumnos/as. Esta reunión celebrarase en Outubro.

Darase información sobre características especiais; (alumnado procedente do estranxeiro, alumnado con discapacidade, alumnado con n.e.a.e. etc).

Tamén, nas reunións de coordinación xa establecidas coas especialistas de P.T e cos titores, analizamos as problemáticas que se desenvolven sobre todo na secundaria e faise especial fincapé na prevención.

Este ano, procurarase na medida do posible, a celebración dunha reunión establecida entre o profesorado do derradeiro ciclo de Primaria e o profesorado de 1º de ESO para o trasvase de información sobre as problemáticas reiteradas detectadas, na que previsiblemente xurdirán propostas de mellora.

- **Axuste das propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno.**

Esta é unha actuación que consideramos imprescindible, polo que continuaremos tratándoa dun xeito persoalizado na coordinación co profesorado de área, tanto por parte das profesoras de PT e AL como da orientadora.

- **Asesoramento aos distintos departamentos e profesorado en xeral sobre o axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.**

Este tipo de asesoramento realizámolo sempre no caso das ACIS. Nos demais casos, depende sempre da demanda do profesorado, aínda que amosamos a nosa total dispoñibilidade a colaborar en todo o que sexa necesario.

- **Asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención**

ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Neste aspecto, seguiremos as mesmas pautas que en anos anteriores, ben dun xeito xeral (en reunións co profesorado implicado, familias...), ben dun xeito máis persoalzado (entrevistas persoais, actuacións directas...)

- **Colaboración co profesorado titor no desenvolvemento do plan de acción tutorial e asesoramento en xeral a toda a comunidade educativa sobre os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e goberno dos centros.**
- **Colaboración co profesorado na elaboración de protocolos para a avaliación inicial do alumnado.**
A nosa participación, e sobre todo a da especialista de PT na “avaliación inicial” dos grupos da ESO, inclúe a recollida de información tanto grupal como individual, nun documento elaborado polo Departamento de Orientación, sobre características do alumnado escolarizado na ESO. Nas demais etapas educativas do centro recolleremos tamén información por escrito das características dos grupos, proporcionando a todo o profesorado que o desexe protocolos de recollida de datos iniciais (semellantes aos que xa teñen os titores).
- **Deseño e posta en práctica de programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos e asesoramento na elaboración do plan de convivencia do centro.**
Seguiremos participando no fomento dunha boa convivencia entre todos os membros da Comunidade Educativa, elaborando e levando á práctica algún programa de resolución de conflitos, previsiblemente na ESO que estarán insertos no PAT.
- **Asesoramento á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.**
Neste punto resolveremos as demandas concretas que se nos propoñan.
- **Concretar neste plan anual as actuacións previstas, cos seus destinatarios, responsables da súa execución e temporalización correspondente.**
- **Incluir na memoria final deste departamento as propostas de mellora para o curso seguinte.**
- **Colaboración nos procesos de avaliación do centro.**
A orientadora seguirá asistindo a todas as sesións de avaliación, ademáis daquelas nas que se requira o seu asesoramento. No caso da avaliación de programas levados a cabo no centro, do funcionamento da aula de convivencia etc, tamén prestará a súa colaboración.
As profesoras de PT seguirán asistindo a todas as sesións de avaliación dos grupos do alumnado que atende.
- **Asesoramento a toda a comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.**
Estaremos a disposición do que se nos requira neste aspecto.
- **Colaboración, facilitando a información requerida no drdorienta.**

- **Colaboración na difusión e apoio de accións de fomento da cultura emprendedora no alumnado do centro.**

Promoveremos accións ao respecto, mediante conferencias ou obradoiros, sobre todo dirixidos ao alumnado máis directamente implicado na inserción laboral.

- **Asesoramento ao alumnado nos momentos de transición académica ou ao mundo laboral, sobre itinerarios formativos, validacións, elección de materias, competencias para a empregabilidade e técnicas de búsqueda de emprego.**

As accións de xeito grupal a realizar neste sentido xa aparecen recollidas no noso documento do plan de orientación académico-profesional. As actuacións máis individuais faranse a través de entrevistas persoais entre a orientadora e o alumno/a.

- **Información ao alumnado, familias e profesorado sobre as necesidades do contorno productivo, oportunidades do mundo laboral, o autoemprego e a creación de empresas.**

Contamos cun taboleiro propio onde expoñemos os folletos, convocatorias, informacións puntuais, etc relativos a esta temática. No plan de orientación académica-profesional indícanse tamén outras actuacións co alumnado de 3º e 4º da ESO, Bacharelato e FP.

- **Orientación e asesoramento para a consecución das competencias profesionais de nivel 1 conducentes a un certificado de Profesionalidade do alumnado de FP Básica.**

- **Promover medidas para a diminución do absentismo escolar e abandono temperá dos estudos.**

- **Asesoramento a toda a comunidade educativa sobre os Programas de Mellora do Aprendizaxe e rendemento e a Formación Profesional Básica.**

A orientadora seguirá atendendo individualmente a todos aqueles que soliciten información sobre estes programas. En ámbolos dous casos, enviarase información por escrito ás familias do alumnado proposto.

- **Asesoramento ao conxunto da comunidade educativa da ESO sobre: programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, sobre os programas de recuperación, sobre os programas específicos personalizados, sobre a aula de atención educativa e sobre os programas de habilidades sociais elaborados.**

Informaremos puntualmente a quen o solicite e suxeriremos ao profesorado tutor que informe ás familias sobre as medidas concretas con cada alumno implicado. A orientadora atenderá todas as peticións de asesoramento na posta en práctica destes programas, así como de información ás familias en entrevista personalizada.

De seguido, iremos relatando todas as actividades concretas a realizar en relación ós distintos axentes educativos. Así mesmo, iremos nomeando ós integrantes do noso departamento máis implicados directamente en cada unha

destas accións.

6.2 TEMPORALIZACIÓN ACCIÓNS PRIORITARIAS.

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none">• Análise de necesidades en relación coa orientación no ámbito do centro.• Deseño do Plan anual de orientación, incluíndo os programas específicos de “Acción titorial”, “O Plan de Atención á Diversidade” “Apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe” “O Programa de HH.SS” e “O Plan de Orientación académico – profesional”.• Constitución formal do Departamento de orientación.• Asesoramento aos tutores/as no desenvolvemento da función titorial.• Atención ás demandas máis urxentes.• Organización da resposta educativa máis axeitada ós alumnos avaliados.• Xestión da documentación requirida legalmente para a formación de Agrupamentos Específicos, Desdobres,	<ul style="list-style-type: none">• Analizar os resultados da 1ª avaliación.• Deseñar e desenvolver programas específicos dentro das titorías propoñéndolle anteriormente ós tutores.• Observar periódicamente co profesorado que ten alumnos en apoio se se van cumprindo os obxectivos previstos.• Revisar coas profesoras de P.T. os apoios que se están levando á práctica.• Deseñar programas de actuación para aqueles alumnos/as ós/ás que se lles realizou unha avaliación psicopedagóxica.• Recoller suxerencias de tódolos sectores implicados no proceso educativo sobre outras tarefas a realizar por este departamento.• Asesorar e apoiar ós tutores no desenvolvemento da Acción Titorial e orientadora.	<ul style="list-style-type: none">• Analizar os resultados da 2ª avaliación.• Reunións coas familias por niveis educativos.• Deseñar e desenvolver actividades específicas dentro das titorías propoñéndolle anteriormente ós tutores.• Observar periódicamente co profesorado que ten alumnos en apoio se se van cumprindo os obxectivos previstos.• Revisar coas profesoras de P.T. os apoios que se están levando á práctica.• Revisar os programas de actuación para aqueles alumnos/as que se lles realizou avaliación psicopedagóxica.• Recoller suxerencias de tódolos sectores implicados no proceso educativo sobre outras tarefas a realizar por este departamento.• Dar información detallada ós alumnos/as de 4º da ESO

<p>PMAR.... (informes de tutoría, informes de orientación, actas de reunións, etc.). Esta é unha xestión conxunta coa dirección, e a participación de titores e familias do alumnado destinatario das medidas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Colaboración e asesoramento na avaliación inicial. • Colaboración no proceso de elaboración-revisión da Concreción Curricular. • Análise e adquisición de materiais para o Departamento de Orientación. • Organizar os reforzos educativos das diferentes materias e os apoios necesarios. • Comunicación destes ás familias. • Participar na reunión de presentación do IES ás familias, xunto coa Dirección, Xefatura de estudos e titores/as, a comezo de curso. • Organizar os apoios que prestarán a mestra de P.T presentando as correspondentes propostas ás Xefas de Estudos. • Participación na comisión de coordinación pedagóxica. • Organizar entrevistas coas familias, principalmente, do alumnado que vai ser avaliado de cara a medidas de atención á diversidade. • Estudiar os casos específicos nos que ó profesorado, pais ou titores soliciten unha intervención específica. 	<ul style="list-style-type: none"> • Participar e asesorar na sesión de avaliación e nas reunións dos equipos docentes. • Atención de pais/nais, alumnado e profesorado. 	<p>BAC, CM e FPB en relación ás saídas acaémicas e profesionales que teñen, partindo das súas preferencias e capacidades.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dar información sobre as materias optativas a tódolos grupos de E.S.O e BAC. • Orientación académica a FB e CM sobre continuación de estudos (acceso a CM ou CS así como a BAC e graos universitarios). • Orientación académica a alumnado da ESA para a continuación de estudos e incorporación ao mercado laboral. • Proposta de revisión do plano de acción tutorial. • Enviar os documentos oportunos a Inspección educativa e realización da memoria do departamento.
---	--	--

--	--	--

6.3 NIVEIS DE ACTUACIÓN.

CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> • Participación nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica. • A participación na elaboración ou revisión dos proxectos de centro . • Apoio a labor docente do profesorado, sobre todo en cuestións metodolóxicas e en pautas de actuación, impulsando a inclusión de temas transversais nas materias • Asesoramento técnico ao equipo directivo en aspectos de tipo psicopedagóxico • Asesoramento ó equipo directivo e ó profesorado en xeral na mellora da Atención á Diversidade, nas distribucións dos grupos de aula, nas propostas de tipo metodolóxico para o desenvolvemento das clases etc. • A asistencia e asesoramento ás sesións de avaliación • A colaboración cos titores na revisión dos expedientes académicos do alumnado, preferentemente nos casos de cambio de centro, cando exista desfase entre a idade cronolóxica e o curso no que están escolarizados, ou no caso de alumnado con n.e.e. Esta tarefa farémola nos primeiros momentos do inicio do curso e contando ademáis coa colaboración dos titores que tiveron os alumnos o ano anterior e as dúas Xefaturas de estudos, para ampliar a información que necesitamos. • O asesoramento aos titores (así como ao profesorado en xeral), na mellora das relacións sociais e da convivencia no centro, ofrecendo pautas de actuación nos casos de relacións conflictivas profesor-alumno. Nesta actividade procurarase implicar ás familias directamente para lograr uns resultados máis efectivos coordinando tódolos esforzos. • A coordinación de actividades extraescolares que faciliten a información sobre os distintos estudos, saídas e campos profesionais. • A coordinación das opinións do equipo directivo e titores á hora de elaborar o consello orientador.
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitar a intervención dos alumnos no PAT, propoñendo metodoloxías participativas nas sesións semanais de aula • Intervir no apoio ó alumnado nos momentos-clave, como son o ingreso no centro, o cambio de ciclo, a elección de optativas • Todas as actividades do Plan tutorial encamiñadas a que o alumnado teña un mellor coñecemento de sí mesmo. • Sesións específicas e charlas ao alumnado sobre itinerarios académicos e profesionais e sobre a situación actual e tendencias do mundo laboral.

	<ul style="list-style-type: none"> • Realización dalgún programa de orientación vocacional no último curso da ESO , FPB. • Asesoramento individualizado cara ao alumnado neste tema.
FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> • Informar aos pais/nais de alumnos novos no centro da existencia e finalidade deste Departamento de Orientación. • Informar aos pais/nais sobre aquelas cuestións nas que é especialmente importante a súa participación no proceso, como ocorre por ex. coa actitude ante o estudo na casa dos seus fillos. • Entrevistas persoais da orientadora cos pais/nais do alumnado con algún problema ou dificultade específica (de aprendizaxe, conductual...). • Programar algunha actividade formativa dirixida aos pais, a concretar dependendo das necesidades detectadas polo profesorado titor. • Informaremos aos pais/nais sobre as saídas académicas e profesionais dos seus fillos ao remate dos estudos que están a cursar, programando reunións grupais e/ou aportando material informativo ao respecto, ademáis das intervencións individualizadas realizadas pola orientadora sobre este tema.

7. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

Baseadas nos seguintes principios:

- *Curricularidade*: a orientación e intervención psicopedagóxica plenamente integradas no curriculum, é dicir, como unha parte do proceso educativo.
- *Sistematización*: intervención sistémica sobre a institución escolar, tendo presente os distintos elementos que a configuran.
- *Planificación*: programas nos tres ámbitos de actuación.
- *Cooperación*: na avaliación do alumnado, na toma de decisións respecto ás intervencións, no deseño e desenvolvemento dos diferentes programas.
- *Intervención social*: colaboración con todos os axentes educativos.

8. RECURSOS E METODOLOXÍA.

8.1 Persoais:

- Membros do departamento, titores/as, Equipo directivo, institucións da contorna, familias...

8.2 Materiais:

- Ordenador con impresora, ficheiros e bibliografía básica adquirida ata o momento co

orçamento asignado ó Departamento, que abarca manuais de orientación xeral, de contido sobre acción titorial, de psicoloxía, de intervención educativa, así como abundante material (libros, cuadernos, manuais...) sobre diversas patoloxías.

- Programa Orienta (orientación académica e profesional).
- Contamos tamén con unha aula de Pedagogía Terapéutica.
- Dispoñemos de taboleiros informativos para expoñer información de interese para o alumnado (datos de probas, publicidade de estudos, optatividade, itinerarios académicos...).
-

En canto á metodoloxía, desde o departamento de orientación debemos fomentar estratexias metodolóxicas activas e participativas, que impliquen tanto á comunidade educativa como as distintas institucións da contorna, con accións de carácter global que repercutan en todos os elementos do proceso educativo.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Levaranse a cabo nas distintas etapas educativas actividades relacionadas con:

- Educación afectivo-sexual en colaboración con Quérote+ e diversidade sexual.
- Resolución pacífica de conflitos.
- Participación no Programa A Ponte da USC para alumnado de 2º de BAC.
- Igualdade e prevención de violencia de xénero.
- Saúde mental.
- Plan Director: acoso escolar e ciberacoso.

10. AVALIACIÓN.

A avaliación enténdese como un proceso de recollida de información para emitir xuízos de valor que permitan tomar decisións.

Farase ao longo de todo o proceso, o que permitirá facer revisións e modificacións (se fose preciso) do programado inicialmente.

Criterios:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Grao de adecuación das actividades realizadas
- Grao de adecuación dos recursos.
- Grao de satisfacción dos implicados.

- Efectos conseguidos e non previstos.

Avaliaremos a través das reunións do propio departamento, das reunións que periodicamente se ten cos titores da ESO, opinión e valoración das persoas implicadas no plano, resposta dos alumnos ás actividades, recollida de información entre o alumnado e dos pais a través de cuestionarios deseñados a tal efecto. Promoveremos a cumprimentación de protocolos e a realización de actividades específicas onde se analice o grao de satisfacción dos usuarios e a autoavaliación do propio traballo.

Silleda, 30 de setembro de 2022.